



VETERANOS ACTIVOS

RIO DAS GÁNDARAS– BATÁN DE MEZONZO.

VILASANTAR (A Coruña)

MÉRCORES 11 DE FEBREIRO DE 2026

PRESENTACIÓN

A andaina de Veteranos de febreiro sitúase no concello de Vilasantar, na provincia da Coruña. Comezamos na aldea de Novás no concello de Vilasantar. Unha parte do percorrido vai polo chamado Camiño Espiritual de San Pedro de Mezonzo, entre os concellos de Sobrado e Vilasantar. Atravesaremos os ríos Cabalar e o das Gándaras, afluentes do Tambre, e disfrutaremos dun lugar especial moi ben coidadol, O Batán de Mezonzo.

DESCRIPCIÓN DA RUTA

Unha parte do percorrido vai polo chamado Camiño Espiritual de San Pedro de Mezonzo, entre os concellos de Sobrado e Vilasantar. Atravesaremos os ríos Cabalar e o das Gándaras, afluentes do Tambre, e disfrutaremos dun lugar especial, moi ben coidadol, O Batán de Mezonzo.

Tomaremos café en Sobrado e deseguida visitaremos o Mosteiro de Santa María de Mezonzo de orixen visigótico, no lugar do Priorato, declarado monumento histórico artístico no 1931. Deste conxunto somentes se conserva a igrexa románica xunto con restos do claustro ambos do século XII. A orixe remóntase ao Reino Suevo.

Subiremos ao bus para ir ao comezo da andaina na aldea de Novás. Acaderemos decontado o Santuario da Nosa Señora da Laxe, os primeiros datos desta igrexa datan de finais do século VI. Está rodeado dun río e dúas fontes de augas miragreiras que curan ata cen enfermidades. Existen documentos do século IX, nos que se di que os devotos acudían alí para aproveitar as propiedades curativas das augas.

Continuamos á beira do río Cabalar acompañados de fermosos bosques de ribeira: salgueiros, bidueiros, abelairas e amieiros. Pasaremos polo muiño de Cabalar para achegarnos a ponte do Sapo, onde un muiño de carácter privado será o primeiro dos 22 que existen ao longo desta ruta.

Decontado veremos a Central Hidroeléctrica de San Pedro no río Tambre. Avanzaremos uns 300 metros por un sendeiro inmerso nun bosque a beira dun canal de auga moi curioso.

Deixamos o Tambre para atoparnos co río das Gándaras que baixa precipitadamente formando saltos de auga. Chegaremos ao Batán de Mezonzo, que xunto co salto de 15m e os muiños, forman un complexo etnográfico de gran beleza.

O Batán é un inxenio hidráulico composto por mazos para abatanar os tecidos. É probable que se relacione co Mosteiro de Mezonzo e a súa aorixe se remonte ao século XII. Foi no ano 1953 cando rematou a súa actividade, quedando abandonado ata que foi restaurado polo Concello de Vilasantar e posteriormente pola Diputación da Coruña.

O último bataneiro e propietario, Pepe o do Batán, falecido recentemente, era o que se ocupaba de mantelo. Teremos a oportunidade de velo funcionar. Colaboración para o mantemento un euro por persona.

Seguiremos polo río das Gándaras pasando polos muiños de Vazquez, Opa, Xuezo e Fachal ata acadar a ponte da Gándara. Xa nos queda pouco para rematar, será perto do muiño de Pazo.

Distancia: 12,8 km Dificultade: baixa.

Desnivel subida: 415 m De baixada: 488 m

Guía: Minu

A SAÍDA

As 9 horas, da parada de bus de Deportienda no Pavillón de Riazor, coas paradas de Juan Flórez, Alfonso Molina e Carrefour.

AS SEGUINTES RUTAS SON:

Domingo 22 de Febreiro. Coñece e Camiña. Malpica - Beo.

Mércores 25 de Febreiro. Veteranos Activos. Ruta das Fontes e Lagoas de Cospeiro.

Mércores 4 de Marzal. Veteranos Activos. Roteiro de Avelino Díaz - Meira (Lugo).

Domingo 15 de Marzal. Coñece e Camiña. Forcón de los Ríos-Santa Eulalia de Oscos (Asturias)-

Mércores 25 de Marzal. Veteranos Activos. Ruta Xacobeas do Inverno. Pobra de Brollón-Monforte (Lugo).

Do 30 de Marzal ao 5 de abril. Viaxe de Semana Santa. Sierra de la Tramontana (Mallorca).

